

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, XOVES, 11 DE XUÑO DE 2026**PRESIDENCIA****VALLADOLID**

12,00 h.- O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, acudirá á toma de posesión do presidente da Comunidade Autónoma de Castela e León.

PONTEVEDRA

20,30 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado doutros membros do Goberno galego, asistirá á XIV edición de *Pontevedreses del Año*.

TURISMO DE GALICIA**PARLAMENTO**

12,30 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, responderá na Comisión 6ª dúas preguntas parlamentarias relacionadas coa actividade do seu departamento.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**A CORUÑA**

9,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na sesión do Consello Consultivo do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Posteriormente, ás 9,45 horas, participará na sesión ordinaria do Pleno do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña.

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na Presentación da Campaña de Fotoprotección 2026 do Colexio de Farmacéuticos da Coruña.

19,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá ao acto de presentación da nova identidade corporativa de Tranvías.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

MONFERO (A Coruña)

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta de Galicia en Ferrol, Martina Aneiros, visitará a un beneficiario das axudas a investimentos produtivos en explotacións agrarias.

FERROL

12,20 h.- A delegada territorial da Xunta de Galicia en Ferrol, Martina Aneiros, participará nunha das xornadas *Un mar de profesións*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

VIVEIRO (Lugo)

10,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, informará sobre a licitación do proxecto construtivo da variante de Viveiro.

O VICEDO (Lugo)

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará na presentación da IX Romaxe Viquinga.

ABADÍN (Lugo)

13,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, reunirse co alcalde da localidade, José María López Rancaño.

SARRIA (Lugo)

17,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, comprobará as obras de reforma que se inician no campo de fútbol da Ribela.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

BEADE (Ourense)

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, achegarase á sede da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, coincidindo coa posta en marcha do obradoiro de emprego *'Ribeiro Ecosostible'*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OURENSE

19,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, participará no acto de inauguración do novo local da Federación Provincial de Asociacións Veciñais de Ourense Limiar.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA

9,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará na presentación de *CITIGAL 2026*.

BUEU (Pontevedra)

10,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, informará sobre a licitación do proxecto do itinerario peonil e ciclista da PO-551.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, presentará a III Etapa Popular Camiño Portugués da Costa.

CASA DE GALICIA

MADRID

19,00 h.- O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, presidirá a presentación da *III Edición do Camiño de Santiago* da asociación *Los Peregrinos de Marte*.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

SAN CAETANO

09,30 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado polo secretario xeral para o Deporte, Roberto García, recibirá aos deportistas galegos participantes no Campionato de Europa de Wushu 2026.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PEREIRO DE AGUIAR (Ourense)

12,30 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado da directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, visitará a sede do servizo de Atención e Información á Cidadanía a través do teléfono 012.

A CORUÑA

09,30 h.- O director xeral de Xustiza, José Tronchoni, inaugurará o *VII Congreso Galego de Compliance*.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, presidirá a reunión da Comisión de Heráldica.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**ARTEIXO (A Coruña)**

11,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, e o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, **Román Rodríguez**, participarán na entrega dos Premios Prensa-Escola e Voz Natura.

A CORUÑA

13,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, intervirá na clausura da cuarta edición do *Atlas Urbano da Sostibilidade* editado por Economía Digital.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

14,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, clausurará o encontro de traballo con expertos doutras rexións europeas en materia de I+D+i.

17,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, participará na cerimonia de gradación da primeira promoción da Universidade Intercontinental da Empresa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OURENSE

09,30 h.- A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, asistirá á presentación da unidade mixta de investigación entre a Xunta, a Universidade de Vigo, Coren e Sertogal.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez, participará na inauguración das XXIII Xornadas Universitarias de Tecnoloxía Educativa 2026.

OURENSE

10,00 h.- A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, presentará a representantes da Garda Civil as capacidades do novo Laboratorio Avanzado de Ciberseguridade da FP.

11,15 h.- A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, informará sobre a oferta formativa na cidade para o vindeiro curso.

BECERREÁ (Lugo)

12,00 h.- O director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, participará na entrega do Premio á Lingua e á Cultura *Tamén en Galego 2026* impulsado polo Instituto de Becerreá.

RIBADEO (Lugo)

13,00 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, participará na clausura da XXXI Feira da Ciencia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

SAN CAETANO

13,00 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, asinará un convenio coa Cruz Vermella no marco da Estratexia galega contra a soidade non desexada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OLEIROS (A Coruña)

20,30 h.- O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, asistirá a IV Cea Solidaria S2M e Amigos en favor da Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica (Agaela).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

LUGO

15,30 h.- O director da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), Alfredo Fernández Ríos, acudirá á apertura do *Curso de formación específica en cálculo de estruturas de madeira*.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

MADRID

11,00 h.- O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Damián Rey, intervirá na clausura do Primeiro Sandbox de IA Europeo.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza, intervirá no encontro de traballo: *As infraestruturas viarias do Noroeste* organizado pola CEG.

Posteriormente, **ás 11,00 h**, haberá rolda de prensa conxunta cos representantes empresariais e dos gobernos das comunidades autónomas de Castela e León e o Principado de Asturias.

SAN CAETANO

12,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, manterá unha reunión de traballo co alcalde de Celanova, Antonio Puga.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

13,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, manterá un encontro de traballo con representantes do Decanato de Galicia do Colexio de Rexistradores da Propiedade de España.

17,30 h (Aprox).- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto co secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, Heriberto García Porto, participará por videoconferencia na convocatoria da Conferencia Sectorial de Vivenda e Axenda Urbana.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

VIGO

11,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado polo xerente da área sanitaria de Vigo, Javier Puente, asistirá á inauguración do *XXVIII Congreso da Sociedade Española de Cirurxía Cardiovascular*.

FERROL

13,00 h.- O director xeral de Atención Primaria e Comunitaria do Servizo Galego de Saúde, Salvador Mariño-Ageitos, xunto coa xerente da área sanitaria de Ferrol, Fernanda López Crecente, intervirá no acto de despedida do persoal xubilado no ano 2025 na área sanitaria.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

BAIONA (Pontevedra)

12,30 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, e a conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, acompañados pola delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, e a directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, participarán na inauguración do mural no espigón da Doca, realizado pola artista Lula Goce.

CIDADE DA CULTURA

12,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá á xuntanza do Consello de Centros Museísticos de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REDONDELA (Pontevedra)

18,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na inauguración da Feira do Libro.

VIGO

20,00 h.- O director xeral de cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá á inauguración das exposicións de Mariana Gomes, Francisco Mendes e Jorge Martins.

BERGONDO (A Coruña)

16,30 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, asistirá aos cuartos de final do programa Parlamento Xove 2026.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**A CORUÑA**

12,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, participará na inauguración da 32ª Convención da Asociación empresarial nacional de alugadores de plataformas aéreas de traballo (Anapat).

VIGO

11,00 h.- A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, participará na apertura do Encontro de talento retornado, actividade do Polo de emprendemento e apoio ao emprego do Porriño.

RIBADEO (Lugo)

11,00 h.- A xerente do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) Adela Quinzá-Torroja, participará na inauguración da xornada técnica *Transformación dixital e intelixencia artificial: unha mirada desde a saúde laboral*, unha actividade do Laboratorio de Riscos Psicosociais do Issga e a USC.

CHANTADA (Lugo)

16,30 h.- A xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, visitará o alumnado participante no curso *Crear cor colleitando a paisaxe*, impulsado pola Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada do director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco, inaugurará o evento rexional do programa europeo contra incendios forestais USE4FOREST. A clausura correrá a cargo do director xeral de Defensa do Monte ás **17,30 horas**.

CIDADE DA CULTURA

13,30 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte; e polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, participará no acto de entrega dos Premios Galicia Alimentación, organizados polo Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga).

CONSELLERÍA DO MAR

A CORUÑA

9,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, inaugurará o *IV Foro Azul Mar de Mares*.

SOUTOMAIOR (Pontevedra)

17,30 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, asinará coa confraría de Moaña o convenio de colaboración para a rexeneración dos seus bancos.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, reunirse com representantes do sector marítimo-pesqueiro para abordar o plan de xestión da centola e boi.